



Guía Docente						
Datos Identificativos				2012/13		
Asignatura (*)	Historia da Terra		Código	610212624		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Todos	Optativa	5.5		
Idioma	CastelánGalegoInglés					
Prerrequisitos						
Departamento	Ciencias da Navegación e da Terra					
Coordinación	Grandal D`Anglade, Aurora	Correo electrónico	aurora.grandal@udc.es			
Profesorado	Bao Casal, Roberto Grandal D`Anglade, Aurora	Correo electrónico	roberto.bao@udc.es aurora.grandal@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Materia de síntese na que se pretende obter unha visión da evolución da diversidade da vida ó longo do tempo xeolóxico no contexto dun planeta cambiante, e relacionar os coñecementos xa adquiridos, cara a interpretación da Terra como Sistema.</p> <p>Nela trataranse os seguintes grandes temas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os Principios da Xeoloxía Histórica. - O concepto de tempo xeolóxico. - A Orixe da Terra. - A Orixe e diversificación da Vida. - Evolución da Terra e da Vida no Precámbrico. - Evolución da Terra e da Vida no Fanerozoico. 					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
- Asumir o concepto de tempo xeolóxico.	A1	B3	C1
- Identificar os principais bioeventos na historia da Terra.	A2		C2
- Sintetizar os coñecementos que compoñen disciplinas aparentemente dispares, como Xeoloxía, Ecoloxía, Microbioloxía, Bioquímica, Botánica ou Zooloxía, no marco conceptual que ofrece unha Terra sometida a contínuo cambio.	A20		C3
	A27		C4
			C6
			C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1- Os principios da Xeoloxía Histórica.	O desenvolvemento do pensamento científico sobre a Historia do planeta Terra e a historia da Vida. Teorías unificadoras da Xeoloxía e da Bioloxía. Paradigmas en paleontoloxía.
Tema 2- O Tempo en Xeoloxía.	Métodos de datación. A escala xeocronolóxica
Tema 3- O eón Hídico e a orixe da Terra	Orixes do Sistema Solar e do Planeta Terra. Orixes da atmósfera. Orixes da Hidrosfera.
Tema 4- O eón Arcaico e a orixe da Vida	Formación dos primeiros continentes. Condicións climáticas no planeta. Orixes da Vida: teorías
Tema 5- O eón Proterozoico	As primeiras formas de vida. Evolución da atmósfera. Evolución dos continentes.



Tema 6- A diversificación da vida.	As faunas de Ediacara. Outras formas de vida no límite Precámbrico- Fanerozoico. A explosión cámbrica.
Tema 7- Rasgos xerais da Era paleozoica.	Evolución climática e xeomorfolóxica do planeta durante o Paleozoico.
Tema 8- A vida no Paleozoico.	Evolución das formas de vida no Paleozoico. Sucesións faunísticas. Colonización do medio terrestre. Os eventos de extincións en masa durante o Paleozoico. A extinción finipérmita.
Tema 9- Introducción ó Mesozoico.	Evolución climática e xeomorfolóxica do planeta durante o Mesozoico.
Tema 10- A vida no Mesozoico.	Evolución das formas de vida no Mesozoico. Sucesións faunísticas e florísticas. Os mares mesozoicos. A vida en terra firme no Mesozoico. A extinción finicretáctica.
Tema 11- O Cenozoico I: Paleoxeno e Neoxeno.	Evolución climática e xeomorfolóxica durante o Cenozoico. Faunas e floras do Cenozoico.
Tema 12- O Cenozoico II: O Cuaternario.	Os cambios climáticos no Cuaternario: episodios de glaciación global. Influencia das fluctuacións climáticas sobre as faunas e as floras cuaternarias. A evolución humana.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba de resposta breve	2.5	0	2.5
Actividades iniciais	2	3	5
Sesión maxistral	21	42	63
Análise de fontes documentais	1	5	6
Traballos tutelados	3	15	18
Saídas de campo	6	3	9
Discusión dirixida	8	20	28
Atención personalizada	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Proba de respuesta breve	Consistirá en un exame teórico sobre os contidos da materia
Actividades iniciais	- 1 hora presencial de presentación da materia - 1 hora presencial de presentación e instruccións de realización do traballo titoreado
Sesión maxistral	21 clases presenciales. Cada unha tendrá unha duración de 50 minutos. Os materiais mais relevantes e outros de apoio estarán ó dispoñer dos estudiantes na Facultade Virtual, na Aula net ou ben na fotocopiadora. Nembargantes, a consulta da bibliografía (básica e complementaria) que se cita nesta guía é fundamental cara á unha boa aprendizaxe desta materia. Asimesmo recomendase que os alumnos fagan uso das titorías no horario especificado nesta guía, e/ou das titorías por correo electrónico. Os coñecementos adquiridos avaliaranse nunha proba escrita de carácter final, inda que certas partes da materia poderán liberarse mediante outras probas ó longo do cuadri mestre.
Análise de fontes documentais	Análise de artigos de revisión (en inglés) sobre diferentes temas da materia cara a selección do tema do traballo titoreado



Traballos tutelados	<p>Consistirán na lectura e análise crítica dun artigo científico extenso (de revisión) en inglés.</p> <p>Para o correcto desenrollo do trabalho se establecerá unha sesión especial de consulta de dúbihadas e tres titorías persoalizadas nas datas indicadas, co fin de que o alumno poda ir plantexando as dúbihadas surdidas ó longo da lectura do artigo, e os profesores poidan realizar un axeitado seguimento do seu trabalho e dar as orientacións necesarias.</p> <p>De cara ó bo aproveitamento destas titorías é fundamental que o alumno teña realizado puntualmente o trabalho asignado para cada unha delas.</p> <p>As titorías serán concertadas coa suficiente antelación, e dacordo coas necesidades do alumno, polo que os profesores terán unha flexibilidade razonable á hora de fixa-las datas.</p> <p>os alumnos deberán expoñer ante a clase e os profesores un extracto do artigo, cos medios audiovisuais oportunos, insistindo na estructura do mesmo, o prantexamento da investigación de que trata, os resultados principais e as conclusiones mais suliñables. A duración da exposición será de 30 minutos.</p> <p>Previantemente ás sesións de exposición e debate dos traballos, cada alumno deberá entregar un resumo impreso do mesmo, asustándose ó formato determinado polos profesores. Con todos os resumos farase un libro de resumos para todos os alumnos.</p>
Saídas de campo	Realizarase na data prevista. Nela visitaranse puntos de interés para o coñecemento da Historia da Terra e da Vida. Haberá que presentar unha breve memoria explicativa da actividade realizada.
Discusión dirixida	<p>Tras cada sesión de exposición dos traballos titoreados haberá un debate dirixido sobre o contido dos mesmos.</p> <p>Tanto os contidos dos traballos coma as ideas e coñecementos novos que xurdan do debate, relacionados cos contidos teóricos da materia, serán evaluados no exame teórico, polo que a asistencia ás exposicións é obligatoria.</p> <p>A participación dos alumnos no debate dos traballos será tamén considerada na cualificación final, así como a súa avaliación dos traballos expostos por outros compañeiros</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Discusión dirixida	Realizaranse titorías personalizadas concertadas mediante cita para a preparación dos traballos titoreados.
Traballos tutelados	Realizaranse asimesmo titorías para aclaración de conceptos e dudas de calquyeira tipo relacionadas cos contidos da materia. De casa a discusión dirixida, ofreceranse unhas pautas xerais.

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Proba de resposta breve	Exame dos contidos teóricos e prácticos (acadados ca realización, exposición e debate dos traballos titoreados)	50
Discusión dirixida	Valoraráse a participación activa na mesma	5
Traballos tutelados	Valoraránse: -os avances na preparación do traballo titoreado (seguimento das titorías) -A calidade da exposición e resumo do traballo (non da forma senón do contido)	40
Saídas de campo	Valorarase á asistencia e a presentación de memoria do traballo realizado.	5
Outros		

Observacións avaliación



A avaliación da materia comprende:

Calificación sobre os coñecementos teóricos, realizada sobre os resultados de:

- Unha proba escrita sobre contidos impartidos nas clases teóricas e os dos traballos titoreados.
- A participación nos debates dos traballos titoreados.

Calificación sobre os coñecementos prácticos realizada sobre os resultados de:

- Avances na preparación do trabalho titoreado (seguimento das titorías)
- Exposición e resumo do trabalho titoreado.
- Participación na saída de campo e presentación de breve memoria explicativa.

Para superar a materia é preciso acadar unha puntuación mínima de 4,9.

A calificación final resultará de valorar as distintas actividades, segundo a seguinte distribución:

Proba escrita de teoría: ate 5 puntos

Traballo titoreado: ate 4 puntos. Participación nas sesións de discusión dirixida: ate 0.5 puntos. Participación na saída de campo e memoria da mesma: ate 0.5 puntos.

A nota de teoría soamente compensa coa do traballo titoreado a partires de 4 puntos (sobre 10) no exame teórico.

A asistencia ás exposicións dos traballos titoreados é obligatoria.

Tanto nas probas escrita coma na exposición do traballo, será especialmente valorada a claridade, a precisión conceptual, e a capacidade de relación de conceptos diversos, así coma o manexo da terminoloxía específica, e non a simple repetición memorística da materia.

Convocatoria de Setembro:

A calificación obtida no traballo práctico gárdase ata setembro se fose aprobado.

Se a calificación é de suspenso (ou Non Presentado), o alumno deberá repetir o resumo, e facer unha nova exposición ós profesores na data que será concertada expresamente para isto.

O aprobado non se conserva máis alá da convocatoria extraordinaria de Decembro. En calquer caso, as calificacións de calquera parte da materia somentes serán válidas no curso académico no que foran acadadas.

 A non realización do exame teórico nem a presentación do traballo titoreado suporán unha calificación de NON PRESENTADO.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Botánica/610212102

Xeoloxía/610212108

Zooloxía/610212205

Ecoloxía/610212301

Xeografía Física/610212623

Paleobioloxía/610212629

Observacións



Recoméndase ter coñecementos de Inglés científico a nivel de lectura, manexo básico de internet e programas de ofimática. Dado o carácter interdisciplinario desta materia, se recomenda ós alumnos que fagan o posible por relacionar os coñecementos adquiridos nesta cos de outras impartidas ó longo da licenciatura: xeoloxía, botánica, zooloxía, ecoloxía, etc. A lectura crítica de obras sobre Xeoloxía e Paleontoloxía dispoñibles na Biblioteca da Facultade de Ciencias ou a consulta das fontes de internet xa citadas é fundamental cara á mellora na materia, xa que contribuirá á clarificación dos conceptos e permitira acadar un bó manexo da terminoloxía específica .

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías